



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Demografía do Envellecemento	Código	653540001	
Titulación	Máster Universitario en Xerontoloxía			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	4
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas			
Coordinación	Lorenzo López, Laura	Correo electrónico	laura.lorenzo.lopez@udc.es	
Profesorado	Lorenzo López, Laura	Correo electrónico	laura.lorenzo.lopez@udc.es	
Web	estudos.udc.es/es/subject/4540V01/4540001/2023			
Descrición xeral	Esta materia ofrece unha perspectiva completa das características da poboación e a súa dinámica, e permite ao alumnado coñecer os principais retos demográficos, especialmente o envellecemento da poboación, aos que se enfrontan as sociedades europeas actuais. Abordarase a análise da composición da poboación por sexo e idade e a súa representación gráfica. Os/as estudantes aprenderán como as distintas variables demográficas (mortalidade, fertilidade, migracións) condicionan a estrutura da poboación por sexo e idade, o que lles permitirá comprender o proceso de envellecemento da poboación e os cambios na estrutura da idade en idades avanzadas. O alumnado estará familiarizado co coñecemento das técnicas estatísticas e matemáticas básicas necesarias para o estudo da poboación. Por último, analizarase a idade de xubilación desde unha perspectiva demográfica e presentarse o sistema de pensións en España e as súas reformas.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A5	Adquirir coñecementos que lle permitan establecer o recurso Xeronto-xeriátrico adecuado de acordo ás características da persoa maior
A6	Desenvolver a autonomía suficiente para participar en proxectos de investigación e colaboracións científicas ou tecnolóxicas dentro do campo da Xerontoloxía, en contextos interdisciplinares tanto públicos como privados e, no seu caso, cun alto compoñente de transferencia do coñecemento.
A7	Adquirir coñecementos avanzados e demostrando, nun contexto de investigación científica e tecnolóxica ou altamente especializado, unha comprensión detallada e fundamentada dos aspectos teóricos e prácticos e da metodoloxía de traballo no campo da Xerontoloxía
A8	Saber aplicar e integrar os coñecementos adquiridos, a comprensión destes, a súa fundamentación científica e as súas capacidades de resolución de problemas en contornas sociais e sociosanitarias e definidos de forma imprecisa, incluíndo contextos de carácter multidisciplinar tanto investigadores como profesionais do campo da xerontoloxía
B1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación
B2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornas novas ou pouco coñecidas dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa xerontoloxía e a xeriatria
B4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións? e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan? a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades
B5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en gran medida autodirixido ou autónomo
C10	Coñecer e aplicar o método científico na redacción de proxectos
C11	Saber difundir os resultados obtidos no desenvolvemento da súa actividade a través das fontes de información dispoñibles para a comunidade científica
C13	Coñecer as posibilidades da investigación no campo da xerontoloxía a fin de motivar aos estudantes para incorporarse á mesma, posibilitando a realización de teses doutorais



Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecemento e aplicación das principais fontes de información estatística sobre a poboación.	AP5 AI1 AI2 AM1	BM1 BM2 BM4 BM5	CM10 CM11 CM13
Coñecemento e aplicación das principais técnicas e instrumentos para a análise demográfica da poboación.	AP5 AI1 AI2 AM1	BM1 BM2 BM4 BM5	CM10 CM11 CM13
Coñecemento dos principais indicadores relacionados co estudo da poboación.	AP5 AI1 AI2 AM1	BM1 BM2 BM4 BM5	CM10 CM11 CM13
Coñecemento da composición da poboación por sexo e idade.	AP5 AI1 AI2 AM1	BM1 BM2 BM4 BM5	CM10 CM11 CM13
Coñecemento das principais características da poboación en relación coa actividade económica e os seus impactos nos sistemas de benestar.	AP5 AI1 AI2 AM1	BM1 BM2 BM4 BM5	CM10 CM11 CM13
Coñecemento dos principais fenómenos demográficos e o seu impacto no envellecemento.	AP5 AI1 AI2 AM1	BM1 BM2 BM4 BM5	CM10 CM11 CM13
Coñecemento do envellecemento da poboación en Galicia e España e a situación no contexto da Unión Europea.	AP5 AI1 AI2 AM1	BM1 BM2 BM4 BM5	CM10 CM11 CM13
Coñecemento das principais diferenzas no proceso de envellecemento: diferenzas xeográficas, diferenzas espaciais, diferenzas por sexo.	AP5 AI1 AI2 AM1	BM1 BM2 BM4 BM5	CM10 CM11 CM13
Coñecemento do sistema de pensións en España: a súa evolución recente, as súas reformas, a súa situación actual e os seus retos e alternativas de futuro.	AP5 AI1 AI2 AM1	BM1 BM2 BM4 BM5	CM10 CM11 CM13

Contidos	
Temas	Subtemas
BLOQUE I: Estudo da poboación. Consideracións xerais	TEMA 1. Descrición e contidos TEMA 2. Dispoñibilidade de información TEMA 3. Detalles conceptuais
BLOQUE II: Composición e características da poboación	TEMA 4. Composición da poboación por sexo e idade TEMA 5. As pirámides de poboación TEMA 6. Actividade económica e impacto nos sistemas de benestar
BLOQUE III: Estudo dos principais fenómenos demográficos e incidencia no envellecemento	TEMA 7. Nacemento e fertilidade TEMA 8. Mortalidade



BLOQUE IV: Envellecemento da poboación e sistemas de pensións

TEMA 9. Envellecemento da poboación en Galicia e España
TEMA 10. O sistema de pensións en España e as súas reformas

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Prácticas a través de TIC	A5 A6 A7 A8 B2 B4 B5 C10 C11 C13	10	36	46
Proba obxectiva	A5 A7 A8 B1 C13	2	0	2
Sesión maxistral	A5 A7 A8 B5 B1 C10	16	32	48
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Prácticas a través de TIC	Clases interactivas de laboratorio: terán lugar na aula de informática ou na aula de clases utilizando os ordenadores persoais dos/as alumnos/as. Nestas clases interactivas, o alumnado deberá resolver exercicios prácticos de demografía nos que empregarán as ferramentas e fórmulas descritas nas clases teóricas. O estudantado debe, ademais, analizar e comentar aspectos relacionados coa demografía e o envellecemento.
Proba obxectiva	Proba de elección múltiple sobre o contido da materia explicado nas clases.
Sesión maxistral	Explicación dos contidos teóricos da materia. Estas clases apoiaranse no uso de presentacións en PowerPoint e analizaranse páxinas web institucionais onde se pode atopar información estatística para a análise da poboación.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas a través de TIC	<p>A atención personalizada farase, globalmente, mediante titorías personalizadas individuais e grupais ao longo de todo o cuadrimestre e de acordo aos horarios establecidos na FCS. O alumnado poderá poñerse en contacto coa profesora da materia a través do correo electrónico (laura.lorenzo.lopez@udc.es) ou de maneira presencial a fin de establecer titorías, sempre de acordo á dispoñibilidade de ambos ou aos horarios establecidos.</p> <p>Dado que é unha materia cunha parte práctica relevante, o traballo persoal do/a alumno/alumna é unha parte fundamental da avaliación da mesma, supoñendo un número de horas (mínimo) similar ás horas presenciais na aula. A atención personalizada ao alumno/a axudará a completar de forma individualizada a súa formación, principalmente na procura de información referida a datos demográficos da poboación, a realización das actividades prácticas propostas durante o curso, así como do exame da materia.</p> <p>ALUMNADO CON RECOÑECIMENTO DE DEDICACIÓN A TEMPO PARCIAL E DISPENSA ACADÉMICA DE EXENCIÓN DE ASISTENCIA, segundo establece a "Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo dos estudantes de grao na UDC? (Art.3.b e 4.5) e as Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario (Art. 3 e 8b), o alumnado poderá solicitar sempre que o precise titorías co profesorado da materia, facilitando o modo presencial ou virtual segundo a dispoñibilidade do/a alumno/a.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	A5 A7 A8 B5 B1 C10	Por asistencia a docencia presencial na aula e/ou laboratorio.	10
Proba obxectiva	A5 A7 A8 B1 C13	Proba de elección múltiple sobre o contido da materia explicado nas clases.	50



Prácticas a través de TIC	A5 A6 A7 A8 B2 B4 B5 C10 C11 C13	Realización de tarefas en clases interactivas de laboratorio.	40
---------------------------	-------------------------------------	---	----

Observacións avaliación

Para superar a materia é necesario ter superada a proba obxectiva. A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de ?suspense? na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será cualificado con ?suspense? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

Fontes de información

Bibliografía básica	Martínez Roget, F. (2002). Demografía Gerontológica. Segra Ediciones. Santiago de Compostela.
Bibliografía complementaria	Arroyo, A. (Coord.) (2003). Tendencias demográficas durante el siglo XX en España. Universidad de Sevilla-Instituto Nacional de Estadística. Entremont, A. (2001). Diez temas de demografía. Ediciones Internacionales Universitarias. Madrid. Fernández Leiceaga, X. (Dir) (2000). Avellentamento demográfico e consecuencias socioeconómicas. Edicións Xerais de Galicia. Vigo. Hinde, A. (1998). Demographic methods. Arnold. London. Livi-Bacci, M. (1993). Introducción a la demografía. Editorial Ariel. Barcelona. Nyce, Steven A., Schieber, Sylvester, J. (2005). The economic implications of aging societies: The costs of living happily ever after. Cambridge University Press. Cambridge, UK. Onofri, P. (Editor) (2004). The economics of an ageing population: Macroeconomic issues. Cheltenham: Edward Elgar. Pressat, R. (1989). Introducción a la demografía. Ariel. Barcelona. Preston, S.H., Heuveline, P., Guillot, M. (2001). Demography: Measuring and modeling population processes. Ed. Blackwell. Oxford. Reher, D., Valero, A. (2005). Fuentes de información demográfica en España.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Economía Xerontolóxica/653540023
Valoración en Xerontoloxía/653540002

Materias que continúan o temario

Observacións

Recomendacións xerais para o estudo da materia: Asistencia regular ás clases Realización das prácticas de laboratorio Estudo diario dos materiais impartidos e da bibliografía básica Consulta da bibliografía complementaria recomendada Participación e discusión activa nas actividades que se organizan Iniciación ao manexo e xestión da folia de cálculo de Microsoft Excel Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia: Usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciárase a intervención en clase de alumnos e alumnas... Traballárase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influírse na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporárase accións e medidas para corrixilas. GREEN CAMPUS: Para axudar a conseguir un entorno inmediato sustentable e cumprir co obxectivo estratéxico 2 do "V Plan de Acción do Programa Green Campus FCS (2023-2025)", os traballos documentais que se realicen nesta materia: Maioritariamente solicitaranse en formato virtual e soporte informático. De realizarse en papel: Non se empregarán plásticos Realizaranse impresións a dobre cara Empregarase papel reciclado Evitarase a realización de borradores

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías